

*Territorio da desaparición, Capital do corpo,*  
Miguel Anxo Fernán Vello

**Teresa Seara**

**Formas de citación recomendadas**

**1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

SEARA, TERESA (2011 [2004]). “*Territorio da desaparición, Capital do corpo*, Miguel Anxo Fernán Vello”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2004, 204-206. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1064>>.

**2 | Por referencia á publicación orixinal**

SEARA, TERESA (2004). “*Territorio da desaparición, Capital do corpo*. Miguel Anxo Fernán Vello”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2004, 204-206.

\* Edición dispoñíbel desde o 21 de xullo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## *Territorio da desaparición*

Miguel Anxo Fernán Vello

Vigo: Galaxia, 2004

## *Capital do corpo*

Miguel Anxo Fernán Vello

A Coruña: Deputación da Coruña, 2004

TERESA SEARA

Despois dun longo período de silencio editorial —roto unicamente polos textos publicados en revistas e obras colectivas—, será no 2004 cando Miguel Anxo Fernán Vello nos ofrezca dúas novas obras: *Territorio da desaparición* (Premio da Crítica Española e Irmandade do Libro) e *Capital do corpo* (Premio Miguel González Garcés). Mentres que esta última significa a recuperación do erotismo —unha das liñas temáticas primordiais na poética de Fernán Vello—, a primeira devén no que el mesmo denomina “poesía de intervención”, isto é, unha poesía comprometida e solidaria co ser humano que afonda no tema social para poñer de manifesto certas realidades cotiás que a todos nos rodean e, sobre todo, as desigualdades inherentes á nosa maneira de vivir.

Estruturalmente, *Territorio da desaparición* orgánizase en sete partes que se artellan arredor de dous núcleos temáticos. Por un lado, aparece a casa que, elevada á categoría de símbolo plurisignificativo, vén sendo un motivo común nos últimos tempos entre

os poetas galegos contemporáneos como acontece, por exemplo e desde ópticas moi distintas, en *Casa ou sombra* de Rafa Villar, no máis recente poemario de Xulio Valcárcel *Casa última*, ou na segunda obra de María Lado *Casa atlántica, casa cabaret*. Mais tamén existe outro polo temático que destaca no libro e que implica para o autor actualizar a tradición socialrealista recollendo dela o compromiso innegable cos máis desfavorecidos pero sen adoptar o prosaísmo formal senón explicitándose a través dun elaborado aparello metafórico. Agora Fernán Vello amósase coma un poeta social e urbano que nos presenta a vida sen filtros que a embelezan pero tamén suxire algúns actos de resistencia contra a irracionalidade que domina o mundo. Neste sentido, é fundamental o labor de retratista dos personaxes máis débiles e a presenza dunha voz oracular que constate a fragilidade do ser humano perante as forzas externas que o gobernan. E, parellamente, aflora a preocupación metaliteraria no gran valor que se lle outorga á palabra poética, aínda sabendo a ciencia

certa que “Nin sequera a voz do poeta nos salva/ cando caemos na noite/ e se abre a ferida branca da desolación”.

A modo de pórtico, o libro comeza cun longo poema, “A casa”, que significa a volta ao primixenio, a un espazo íntimo que a memoria conserva no momento do seu esplendor e que agora presenta os signos inequívocos do paso do tempo. Isto é un motivo de tristeza para o ser —“A casa é unha ferida que se abre coa noite”— como tamén o é sentir que coa pedra se esfarea a historia de todos os que a habitaron, primeiro creándoa e logo modificando a súa realidade orixinaria. Con ela pérdese o legado dos antigos e deixa de sentirse como un espazo protector omnipresente onde o ser humano podía refuxiarse nos momentos de incerteza. A deteriorización da casa faise extensiva a todo o que a rodea, comezando polas materias nobres que a forman (pedra, madeira, vidro), de xeito que se sente con total claridade a finitude das cousas e das persoas. Por iso o eu acaba establecendo unha identificación total coa casa, pois

*Somos aquela casa que se nos foi perdendo  
dentro de nós, lentísima;  
a casa que nos queíma, sen sabelo, a esperanza;  
a casa que nos deixa a dor inmóbil  
do recordo,  
a mordedura do vento nas tempas,  
un sepelio de camiños baleiros  
e a alma fría e desolada  
como un país sen memoria  
que xa non existe no futuro.*

Convertida en reflexo especular do propio ser, no corpo físico da memoria e no corazón da estirpe xenealóxica que forma a liña ancestral do eu, a casa é un mundo feminino e maternal pero tamén constitúe a imaxe perfecta do universo ao conter no seu centro o segredo dos misterios máis arcanos. Mais agora faise patente a súa inexorable e lenta degradación que vai parella á do propio corpo, e así “Cando a morte nos cingue co seu bafo terrestre/ nesa hora imposíbel que petrifica o tempo,/ sentimos outra morte como un río de espectros/ entrándonos no corpo”. Esta non é outra que a ameaza clara da “desaparición”, que lle dá título á segunda parte do libro. Nos tres poemas que a conforman, o eu parte da casa e comeza un movemento centrífugo para constatar globalmente os efectos negativos do tempo sobre a natureza e o país. É tal a agonía que esta mirada produce ao ser que non ten palabras para explicitala e por iso exclama: “É difícil establecer un léxico/ que transparente a lenta ruína interior das casas,/ a oxidación ininterrompida dos campos,/ o espírito da morte na iluminación das cidades”. Como tamén resulta imposible aceptar, sen sentir unha profunda dor, esa lei inexorable pola que o tempo nos vai sepa-

rando daquilo que foi, durante anos, o noso centro vital: a casa, antano vizosa e agora xa baleira. Observando como a casa se desfai comeza a “lenta descomposición da esperanza” mentres o eu se empeña en erixirille un monumento á ruína, á perda da historia familiar. Así, exprésase con rabia e angustia a través dun monólogo co que consegue verbalizar a realidade actual de desolación e que o leva, nunha fuxida cara a adiante, a identificarse cos seres despoñidos de todo, rexeitados pola sociedade e perdidos nun mundo que non os acepta.

En *Territorio da desaparición*, a dimensión colectiva inherente ao tema social leva ao poeta a querer transcender o mero vínculo entre o eu e o lector, de aí que o seu discurso sexa agora máis crítico e comprometido ca nunca. Observando a realidade circundante, o eu dótase dunha gran lucidez que serve de denuncia dos atropelos sufridos polos máis débiles e por iso os poemas vense reforzados no que se refire ao peso filosófico dos seus contidos para mover a nosa conciencia a actuar de forma conxunta contra a miseria e o medo. Sendo preciso transmitir unha mensaxe fundamental, o poeta indaga tamén sobre a capacidade das palabras para expresar a desolación mentres se modifica o léxico troncal dos poemas para lle dar cabida a unha serie de campos sémicos que se relacionan coa nada e coa desaparición. A vertixe de crear con palabras un mundo de lúcidas revelacións fai que a mensaxe se repita constantemente como unha ladafía para garantir que o lector capte a súa esencia. A presenza deste pesa máis ca nunca nos textos a través das interpelacións e preguntas retóricas que o eu lírico lles dirixe aos seus coetáneos para facelos partícipes da carga moral e política que ten o seu discurso. Neste sentido é moi importante, por un lado, a indagación sobre o papel que o poeta pode e debe desempeñar na sociedade actual e, polo outro, a maior presenza dunha veta metaliteraria onde se reflexiona sobre a validez da palabra poética hoxe en día. Se historicamente o poeta era un ser dotado dunha intuición extraordinaria capaz de converterse en guía para os demais —e, en moitas ocasións, recibía como castigo dos poderes fácticos o desterro da cidade por criticar a súa xestión corrupta—, tamén agora o eu sente que debe asumir esta destreza por máis que lle supoña a expulsión dos lugares comúns. Por iso cuestiónase, primeiramente, a súa verdadeira capacidade para verbalizar un pensamento crítico que ilumine aos demais utilizando a interpelación directa para comunicar a súa vivencia e compartila. Pero só recibe silencio pois, como afirma en “Os poetas aliméntanse de néboa”, “Extraviados na ausencia, disolutos no tempo,/ case invisíbeis no seu raro destino, os poetas consumen/ altas doses diarias de silencio./ Moitas veces vencidos pola espesura triste das horas/ cultivan un

mutismo de raíces secretas/ e unha nudez vacía que medra amordazada/ no centro do abandono”. Mais sempre se terá ben presente que a palabra poética eleva a lucidez do ser para poñelo en contacto cunha realidade superior escondida nos feitos cotiáns e á que só se pode chegar a través da mirada escrutadora do poeta. Así, explóranse os límites da palabra para construír un aparello metafórico e estilístico de gran valor textual pero sen perder nin a musicalidade do verso, nin a súa veta sensorial que tan característica é de Fernán Vello.

Neste labor de ir iluminando as desigualdades sociais, que o eu asumiu como propio, ten presenza fundamental o retrato dos máis desfavorecidos, no que se insiste como medio para presentar de primeira man as súas experiencias vitais. Os poemas pobóanse así cos seres que máis sofren e que aparecen descritos dunha maneira realista pero, ao mesmo tempo, solidaria. Os repatriados, os inmigrantes, os exiliados da súa terra, os mendigos... amosan a súa vida cotiá onde carecen dos máis elementais dereitos humanos. Así, por exemplo, no “Discurso parlamentar dos pobres” o eu poético faise portavoz dos “convidados sinistros da nada, /os fillos escuros da cara oculta do mundo,/ a raza que vostedes alimentan con racións desoladas de abandono”. En “A escena” denúnciase a pasividade e o mimetismo dos que quedan mirando un ceo baleiro sen ningún tipo de reacción como actores sen esperanza. Ou no “Retorno do exiliado” onde se fala do desarraigo involuntario de quen debe abandonalo todo para regresar a unha realidade que xa non é a súa: “Cando agora regreso e abro as portas da casa,/ aínda sinto o recendo da claridade na pel,/ a certeza dos meus, o lugar da tenrura./ Aqueles que expulsaron tanto amor teñen hoxe/o respecto do pobo, a mellor biografía./ E eu, que case non existo,/ só teño a luz do vento sobre a herba/ e a flor da dignidade medrando na tristura”. O ton adoptado nestes e noutros poemas é moi crítico e directo, por máis que tamén teñan moito de canto fraternal xa que non faltan vislumbres de optimismo que emanan da natureza ou do recordo dos que nos foron marcando o camiño co seu exemplo, caso de Alexandre Bóveda a quen se lle dedica un dos textos máis conmovedores do libro:

*A túa causa é tan nosa como o fervor dos días  
que se propaga enteiro arredor do teu nome,  
e todas as bandeiras do mencer liberado  
están aquí arredor do teu soño.*

*Non poderán os bárbaros cruzar a transparencia  
que respiraba en ti e que hoxe sentimos renacer como un río  
aberto e comunal,  
medrando como os campos sementados de luz,  
porque somos os fillos da túa estrela e levamos no sangue  
o rumor acendido dunha chama, o cerne dun cantar.  
E aquí estamos os teus termando forte contra o vento fatal,  
no corazón da casa, no centro da esperanza,  
na palabra que eleva a lucidez do ser.*

Malia toda a carga de desolación e de pesimismo que transloce as cinco primeiras partes do poemario, *Territorio da desaparición* péchase con dous longos poemas —“As praias” e “Cantiga Finisterrae para múltiples voces de luz”— que xa foran publicados con anterioridade. No primeiro deles retoma Fernán Vello un dos temas recorrentes e axiais da súa poética: o erotismo vinculado aos corpos expostos na praia (“territorio feliz,/ alta beleza,/ incesante vida”) no seu momento de comunión cósmica coa natureza mariña, unha liña que terá feliz continuación en *Capital do corpo*. Pola súa banda, a “Cantiga Finisterrae para múltiples voces de luz” é o libreto dunha peza musicalada por Juan Durán e que formou parte do repertorio da Orquestra Sinfónica de Galicia na tempada 2001-2002. Aquí sobrancea a presenza da paisaxe dese “País das terras verdes que van morrer ao mar” que centrara a veta telúrica de antano, e o verso énchese da “alta luz construída sobre as terras amadas,/ a alta luz incesante sobre as patrias futuras” que o poeta nos lega como mensaxe última por canto, fronte á lenta e inexorable ruína interior e a través da palabra poética, “brillará como unha brasa acesa contra os campos escuros/ a flor da liberdade”. Ela é a única que pode borrar a cicatriz do silencio imposto aos que nada teñen: nin casa, nin patria, nin memoria, nin sequera voz que erguer para defenderse ■